

POLÍTICA DE CALIDADE.

A Alta Dirección asegúrase de que a Política da Calidade de Vontade:

- a) Sexa adecuada á Misión e ao propósito da organización.
- b) Inclúa un compromiso de cumprir cos requisitos e de mellorar continuamente a eficacia do sistema de xestión da calidade.
- c) Proporcione un marco de referencia para establecer e revisar os obxectivos da calidade.
- d) Sexa comunicada e entendida por todos os niveis involucrados no Sistema de Xestión da Calidade.
- e) Sexa revisada para a súa continua adecuación e actualización.

A nosa POLITICA DE CALIDADE di:

A calidade é un compromiso estable por parte da alta dirección de Vontade, así como unha responsabilidade individual de cada unha das persoas que xestionan a organización.

A dirección comparte, con tódolos profesionais, a convicción de que a satisfacción das necesidades e expectativas dos nosos grupos de interese, o cumprimento das exixencias legais e regulamentarias das entidades que nos financian e a aposta por un sistema de xestión da calidade segundo a ISO 9001:2008 que asegure a actualización continua e a mellora permanente, constitúen a mellor garantía de futuro para a nosa organización e a súa mellor achega ó cumprimento da nosa misión.

Para levar a cabo este propósito Vontade declara os seguintes compromisos:

- **COAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE:**

- o Atención e trato cordial, amable e acolledor respectando a súa singularidade e liberdade de conciencia.
- o Garantía de confidencialidade da información sobre as persoas, así como desenvolvemento dun plan de protección de datos, de acordó coa normativa vixente.
- o Atención profesional individualizada a través dun Plan Individualizado de Atención (PIA) baseado na información e orientación cara a fomentar as capacidades dos nosos usuarios e apoiar as súas carencias sociais, psicolóxicas, educativas, laborais, etc... de acordo cos recursos humanos e materiais dos que dispoñemos.
- o Coñecer as necesidades e expectativas dos nosos usuarios coa intención de apoiar o seu proxecto de vida, dunha maneira realista.

• **COAS FAMILIAS DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE:**

o Facilitar a súa participación activa, a fin de coordinar as accións que se deriven do cumprimento da nosa misión no que respecta ós proxectos de vida dos seus familiares ou representados con discapacidade.

o Trato cordial, afable e digno.

o Comunicación periódica informativa e clara, sobre o programa de intervención ofrecido ó seu familiar ou representado, sobre os seus dereitos e deberes e sobre a xestión da organización.

o Xestionar eficazmente os recursos dispoñibles, con criterios de calidade.

• **COS NOSOS TRABALLADORES:**

o Posibilitar un plan de formación continua individual, acorde coas necesidades da entidade, que persiga unha mellora na competencia profesional.

o Definir un organigrama e realizar unha descrición de perfís profesionais.

o Fomentar o traballo en equipo en base ós protocolos de actuación de calidade, en consonancia coa filosofía da Asociación.

o Ofrecer un salario acorde ó posto e á responsabilidade.

• **COS SOCIOS:**

o Adecuada política de comunicación externa para informar de modo transparente das actuacións da organización, das convocatorias asociativas, das contas ,orxamentos e dos plans de futuro, de forma que permita exercer eficazmente o seu papel de socio.

o Favorecer o coñecemento da misión e valores da organización, gañar a súa adhesión a estes valores e aumentar o seu sentido de pertenza.

o Xestionar eficazmente os recursos dispoñibles.

o Renderlles contas periodicamente, informalos da marcha do noso proxecto e dos seus resultados económicos.



Barrio Da Rocha, 19B
36740, Tomiño, Pontevedra
CIF: G 36452837

Tel: 986623044
Fax: 986 098269
Mail: info@vontade.org

www.vontade.org

Ademais a Asociación comprométese, en relación a outros grupos de interese, a:

- Participación e formación do voluntariado no mundo da discapacidade, ofrecendo a experiencia necesaria para o desenvolvemento do seu servizo.
- desenvolvemento de alianzas de colaboración e de intercambio de información con outras asociacións.

A política de calidade avalada pola Alta Dirección de Vontade, é coñecida e aplicada por todo o persoal que conforma a empresa e supón un marco de referencia para o establecemento dos obxectivos de calidade. A Alta Dirección de Vontade comprométese a facilitar os medios necesarios para lograr o establecido nesta política, asegurando a súa actualización cando sexa necesario, o seu entendemento e a difusión da mesma en tódolos niveis da entidade.

Fdo.: Miguel Pazo Paramos
Presidente de A.D.B.M. Vontade

